



Sondaxe intención de matrícula: Alumnado que actualmente se atopa en 4º ESO

Atención!

- O centro realiza esta sondaxe para realizar unha previsión de matrícula nas distintas modalidades de bacharelato.
- A matrícula oficial realizarase unha vez rematado o curso académico.

● Estudos ao remate do bacharelato

Información proporcionada polo departamento de orientación

- [Blog do departamento de Orientación do IES San Tomé de Freixeiro](#)
- [Test Orienta](#) ➔ [Orientación Académica](#)

Ciclos formativos superiores ➔ Acceso coa nota media do bacharelato

- [Oferta de formación profesional](#)
 - [Clasificada por familia profesional e ciclo formativo](#)
 - [Clasificada por provincia e concello](#)
 - [Folletos informativos e mapa da oferta de FP](#)

Graos universitarios ➔ A [nota de acceso](#) (ver notas de corte) calcúlase do seguinte xeito.

- Nota media do bacharelato: 60% ➔ 6 puntos
- ABAU: exames obrigatorios: 40% ➔ 4 puntos
 - Lingua castelá e literatura.
 - Lingua galega e literatura.
 - Lingua estranxeira
 - Historia da Filosofía ou Historia de España
 - Materia obrigatoria de modalidade
- ABAU: exames non obrigatorios ➔ hasta + 4 puntos
 - Podes presentarte a un máximo de catro probas
 - As materias ponderan 0.2, 0.1 ou 0.
 - 10 nunha materia que pondera 0.2 ➔ 2 puntos
 - 10 nunha materia que pondera 0.1 ➔ 1 punto
 - 10 nunha materia que pondera 0 ➔ 0 puntos
 - Tamén pondera aquí a materia obrigatoria de modalidade.
 - Unha vez cualificado de todas as probas ás que te presentaches, o propio algoritmo calcula a combinación que máis te beneficia para o acceso ao grao da túa elección.



● Aspectos que debes ter en conta.

A selección de materias é vital xa que definirá a túa preparación para afrontar a ABAU e o posterior acceso ao grao da túa elección. A selección de materias debe ter como referente a ponderacións das mesmas para o/s grao/s que contemplas estudar.

- **Ponderacións** ➡ https://ciug.gal/PDF/ponderacions_2024.pdf
 - É previsible que as ponderacións se manteñan ou varíen pouco nos próximos cursos
- **ABAU** ➡ [Información da Comisión Interuniversitaria de Galicia \(CiUG\)](#)

Outra información que debes consultar:

- **Currículo do bacharelato** ➡ [Decreto do DOG nº 183 do 2022/9/26 - Xunta de Galicia](#)
 - Materias e continuidade ➡ [Materias do bacharelato LOMLOE e continuidade entre as mesmas](#)
 - Materias optativas ➡ [ORDE do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta](#)
- **Cambios de modalidade/itinerario/materia** ➡ Atención! Os cambios de modalidade/itinerario/materia en bacharelato teñen “peaxes” asociadas. Debes ser moi consciente e é a túa responsabilidade.
 - ➡ Información sobre [cambios de modalidade/itinerario/materia en bacharelato](#)
 - Dúas situacións habituais serían:
 - Alumnado que decide matricularse en 2º de bacharelato dunha materia como “Debuxo Técnico” → Esta é unha materia con continuidade: Debuxo Técnico I e Debuxo Técnico II → Matricularse nesta materia en 2º sen tela cursado en 1º implica ter como pendente a materia do primeiro curso.
 - Alumnado que decide cambiar de modalidade de bacharelato → A normativa establece que “o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias comúns, seis materias específicas da nova modalidade ou vía elixida, das cales unha obrigatoria e dúas de opción serán de primeiro e unha obrigatoria e dúas de opción serán de segundo, e dúas materias optativas, unha de primeiro e outra de segundo”. → Na maioría das ocasións o cambio de modalidade implica pasar a ter entre 1 e 3 materias pendentes do primeiro curso.